



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Delegación Provincial
Edificio Administrativo de Servizos Múltiples
Montes
A Coruña



Resolución do 18 de xullo de 2006, do Xurado provincial de Montes Veciñais en man común da Coruña polo que se resolve o expediente nº 395 que afecta ó monte Fieitoso de Taragoña da parroquia de Taragoña , concello de Rianxo.

ASISTENTES

PRESIDENTE

Delegada Provincial da Consellería de Medio Rural
Dª Olga Mª García Agra

VOGAIS

Xefe do Servizo de Montes e I.F.

D. José L. Martell Muñoz-Cobos

Representante do Il. Colexio de Avogados

D. Juan Ramón Beneyto Bellas

Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia

D. Alfonso Vázquez – Castro Garma

Representante das Comunidades propietarias de montes clasificados da Provincia

D. José Manuel Caramés Franco

Vogais representantes da Comunidade da parroquia de Taragoña, do Concello de Rianxo

D. Manuel Costa Suarez

D. Manuel Durán Lorenzo

SECRETARIA

Xefa Servizo Xurídico Administrativo da Delegación Provincial da Consellería de Medio Rural

Dª J. Amalia Lorenzo Penela

Na cidade da coruña sendo o día 18 de xullo de 2006, coa asistencia das persoas reseñadas ó marxe, reúnese no 3º andar do edificio administrativo Monelos o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de estudar e resolver o seguinte expediente:

Expediente: Nº 395



Monte: Fieitoso de Taragoña
Comunidade: Parroquia de Taragoña
Parroquia: Taragoña
Concello: Rianxo

ANTECEDENTES DE FEITO:

1º.- D. Manuel Costas Suárez, como presidente da Xunta Promotora de calificación do monte Fieitoso de Taragoña, solicitou en escrito de data de rexistro de entrada de 10 de setembro de 2004, completado mediante escrito de data entrada 21 de xuño de 2005 a súa declaración como veciñal da parroquia de Taragoña, e que ten as seguintes características:

Superficie : 75, 71 Ha

Líndeiros :

O monte é o trisco que queda aínda C.U.P. (nº 248), consorciado entre a Xunta de Galiza e o Concello de Rianxo (elenco C-2047), e as súas esremas, baseadas no deslindamento do devandito C.U.P. o que foi aprobado por Orde Ministerial do 2 de agosto de 1975, e do que consta neste Servizo.

As referencias físicas cumpren o requisito mínimo indispensable de atemporalidade. Son:-

Norte: Do chanto 403 ao punto A1 (cruce de dúas pistas forestais) de coordenadas UTM europeum datum 1950: x: 514.574,50 e y: 4.726.481,80, deste segue a pista forestal (que ten as coordenadas da súa liña dixitalizadas no seu percorrido) que vai a un punto situado na liña que une os cantos 494 e 495 de coordenadas UTM europeum datum 1950: x: 515.236,46 e Y: 4.727.763,35, deste ao chanto 495, e deste ao 508, seguindo a orde correlativa dos cantos, e deste ao 118.

O resto do perímetro vai do chanto 118 ao 495, seguindo a orde correlativa dos cantos e fechando a poligonal.

2º.- Os promoventes fundamentan a súa petición ante o xurado alegando que os montes veciñais de Taragoña viñéronse aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade polos veciños da dita zona e achegan diversa documentación que obra no expediente xustificativa da súa petición.

3º.- Á vista de tal solicitude, o Xurado, na súa reunión de data 14 de xuño de 2006, acordou iniciar o oportuno expediente nomeando como instructor del, a D. Alfonso Vázquez-Castro Garma, quen aceptou expresamente o cargo. Procedeuse á correspondente tramitación, e librouse mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da propiedade de Padrón, téndose oído a todas as persoas, organismos e corporacións interesadas, expedíndose mandamentos a tal fin dirixidos ó Sr. Alcalde-presidente do Concello de Rianxo, ó xefe do servizo de Montes e Industrias Forestais e



publicándose edictos no Diario Oficial de Galicia (nº 220 de 16 de novembro de 2005), e taboleiro de anuncios do Concello.

4º.- Con data 16 de decembro de 2005 D. José Míguez Rodríguez Presidente da comunidade de montes veciñais en mano común de Ourille presenta escrito de alegacións no que expón que recoñecendo que a comunidade solicitante da clasificación é a lexítima propietaria do monte veciñal que se pretende clasificar, observan unha discrepancia na descripción dos lindeiros; solicitan que se rectifique el límite da clasificación cun novo levantamento da línea divisoria.

5º.- Con data 16 de decembro de 2005 Dª Dolores Sobradelo Vizcaíno presidenta da comunidade de montes veciñais en mano común de Paradela presenta escrito de alegacións no que expón que recoñecendo que a comunidade solicitante da clasificación é a lexítima propietaria do monte veciñal que se pretende clasificar, observan unha discrepancia na descripción dos lindeiros; solicitan que se rectifique o límite da clasificación.

6º.- Con data 15 de febreiro de 2006 D. Manuel Costas Suárez Presidente da Comunidade, presenta escrito opoñéndose ás modificacións anteriores.

7º.- Con data 22 de xuño de 2006 o xefe da área de montes veciñais en man común presenta informe no que consta, entre outros extremos, que no informe presentado polo distrito ambiental IV – Barbanza, de data 25 de setembro de 2005, (reflictese algún presente acto de disposición ou de posesión, (que non constan no servizo de montes) así como o estado forestal e que tradicionalmente veñen realizando os membros da xunta promotora e os posibles comuneiros, consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, algún tipo de aproveitamento forestal ou non.

8º.- No trámite de audiencia, celebrado o día 18 de xullo de 2006 os promoventes se ratifican na súa solicitude de clasificación como MVMC, cos lindeiros que constan nos informes do Servizo de Montes, opoñéndose, mediante escritos presentados neste trámite, a eses lindeiros as comunidades de Paradela e Ourille.

9º.- Na tramitación destas actuacións cúmplense as formalidades legais e regulamentarias, exixidas principalmente pola lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común (DOG núm. 202, de 20 de outubro) e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro (DOG núm. 186, de 23 de setembro) ámbolos dous da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais disposicións aplicables ó caso.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:



1º.- O Xurado provincial de montes veciñais en man común da Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer deste expediente en virtude do disposto nos artigos 9 e 10 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común .

2º.- De conformidade co contido do artigo 11 da citada Lei e 19 de Regulamento, aprobado polo decreto 260/192, do 4 de setembro, os veciños da parroquia de Taragoña son parte lexítima para solicitar a iniciación do presente expediente de cualificación.

3º.- Para a súa cualificación como veciñal en man común, o monte debe reunir as seguintes características: 1) pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) Que se veña aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas polos membros da cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) Que os veciños comuneiros residan habitualmente con casa aberta dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (Art. 1,2,3 da Lei 13/89 e 1,2,3 do regulamento do 4 de setembro de 1992)

4º.- Das actuacións obrantes no expediente e en especial dos informes do Xefe da Área Técnica de montes veciñais en man común de data 25 de maio de 2005, e 22 de xuño de 2006 e do distrito ambiental IV- Barbanza, de data 25 de setembro de 2005, anteriormente referidos , dedúcese que no presente caso nos atopamos cun monte pertencente á Comunidade veciñal de Taragoña , da parroquia de Taragoña, concello de Rianxo no que se cumpren os requisitos anteditos.

5º.- As alegacións presentadas polas comunidades veciñais de Taragoña e Ourille deben ser desestimadas en base ós anteriores informes de datas 25 de maio de 2005 e 22 de xuño de 2006 do xefe da Área Técnica de Montes Veciñais en Man Común que constan no expediente.

En consecuencia, este xurado, vista a lei 30/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu regulamento aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, a proposta do instructor e por unanimidade dos asistentes,


ACORDA calificar como monte veciñal en man común da comunidade veciñal da parroquia de Taragoña, do concello de Rianxo, o monte denominado Fieitoso de Taragoña, cos lindeiros, superficie e características que figuran no primeiro antecedente de feito.




Asimesmo, acórdase excluír-lo declarado do inventario de bens do Concello e do Catálogo dos de utilidade pública, se neles estivera inscrito, incluíndoo no rexistro de Montes veciñais en man común que figura na Delegación desta Consellería de Medio Rural.


Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderás interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da Coruña no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Notifíquesse aos interesados.
A Coruña, 18 de xullo de 2006


Olga Mª García Agra




José J. Martel Muñoz Cobos


Juan Ramón Beneyto Bellas


Alfonso Vazquez-Castro Garma


José M. Caramés Franco


J. Amalia Lorenzo Penela



MONTE DE PROCEDENCIA: FIEITOSO DE TARAGOÑA	 XUNTA DE GALICIA SERVIZO DE MONTE E POLICIA FORESTAL	INICIO DO EXPEDIENTE DE MVM: FIEITOSO DE TARAGOÑA	Nº do expediente: 395
Nº DO C.U.P.: 248 SUP. PÚBLICA: 253,64 ha	SUPERFICIE: SUP. TOTAL: 76,48 ha ENCLAVADOS: 0,77 ha SUP. PÚBLICA: 75,71 ha	CONCELLO: Rianxo	Xefe da Área Técnica de MVM
	Escala: 1:5.000	Data: maio de 2005	Asda: Inacio López da Osa Ximénez